


**CONCELLO DE
SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI07Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25

Sello o Certificación Mecánica



15078DCONYI07Z*

Asunto
Traballos de actualización do catastro sobre inmobles
urbanos e inmobles rústicos con construcións

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E TÉCNICAS DE APLICACIÓN XERAL Á CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E INMOBLES RÚSTICOS CON CONSTRUCIÓN

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

SECCIÓN 1ª. NORMAS XERAIS E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

Cláusula 1. RÉXIME XURÍDICO

O contrato administrativo de servizos ao que se refire este prego rexerá polo establecido nel, e polo disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) e, en canto non se encontre derogado, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), considerando que as referencias normativas efectuadas nestas dúas últimas disposicións á Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público, se deben entender efectuadas aos preceptos do TRLCSP.


Para o coñecemento das cuestións que se deriven do contrato, a expresa competencia será da Orde Xurisdiccional Contencioso - Administrativa, como indica o artigo 21.1 do TRLCSP, sen prexuízo do establecido nos artigos 40 e seguintes do dito TRLCSP en relación ao réxime especial de revisión de decisións en materia de contratación e medios alternativos de resolución de conflitos, podendo neste expediente concreto interpoñer as accións que sexan procedentes ante o TACRC (Avda. General Perón, 38; 28020- Madrid. <http://tribunalcontratos.gob.es>).

Cláusula 2. OBXECTO DO CONTRATO

2.1.- Obxecto.

Constitúe o obxecto deste contrato a actualización da base de datos catastral mediante: a tramitación das alteracións catastrais que se declaren nos correspondentes modelos T22 (902N), T23 (903N) e T24 (904N) correspondentes ao Concello de Santiago de Compostela; así como a tramitación das alteracións catastrais que se deriven das comunicacións catastrais a que fai referencia o artigo 14.c do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Tamén constituirá obxecto deste contrato se o Concello por Ordenanza fiscal varía o sistema de incorporación a tramitación das alteracións catastrais que se deriven das comunicacións catastrais a que fai referencia o artigo 14.b do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY107Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



Actualizarase a base de datos catastral mediante a descripción catastral dos bens inmobles que comprenderá as súas características físicas, económicas e xurídicas, e que consistirá na elaboración e axuste da cartografía catastral, na incorporación dos inmobles, e na concordancia entre as bases de datos gráfica e alfanumérica.

2.2.- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

Mediante a execución do contrato a que se refire o presente prego realizase a incorporación dos bens inmobles no Catastro inmobiliario, así como as alteracións das súas características, modificando cantos datos sexan necesarios para que a descripción catastral dos inmobles afectados concorde coa realidade, dando así cumprimento as esixencias do convenio asinado coa Dirección Xeral do Catastro. Efectuase a contratación habida conta de que os medios propios de que dispón o Concellos ao efecto considéranse insuficientes, sen que dita insuficiencia xustifique a ampliación dos citados medios propios.

Cláusula 3. CONTIDO E CONCEPTOS

O contido dos traballos catastrais a levar a cabo sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións comprende todos os traballos necesarios para realizar, completar e/ou actualizar o inventario catastral dos bens inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións existentes no territorio do Concello de Santiago de Compostela. O dito inventario apoiarase en documentos gráficos e literais, e en soportes magnéticos, e conterá:


- 1.-Cartografía coa asignación de referencias catastrais realizada consonte coas Circulares e Instrucións emitidas pola Dirección Xeral de Catastro para a súa determinación e coas prescricións técnicas.
- 2.- Documentación gráfica, técnica, xurídica e económica de cada inmovible, segundo esixe a normativa vixente e expresan as prescricións técnicas.
- 3.- Soportes magnéticos que conteñan a información anterior, segundo os formatos e deseño de rexistros establecidos pola Subdirección Xeral de Estudos e Sistemas de Información, da Dirección Xeral do Catastro.

Para os efectos do descrito nos apartados anteriores, estarase ó disposto no Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (TRLCI), e disposicións que o desenvolven. Especificamente para a determinación do concepto de ben inmovible e do seu carácter estarase ao disposto nos artigos 6 e 7 do citado texto legal.

Cláusula 4. PROTECCIÓN DE DATOS

1. O adxudicatario, na realización dos traballos contratados, adecuará as súas actuacións á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, do 14 de decembro), ao Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (BOE núm. 17, do 19 de xaneiro de 2008), e ao artigo 53 do TRLCI.


A información catastral que contén datos de carácter persoal é a relativa: ás características económicas, é dicir, á valoración catastral; e ás xurídicas, é dicir, nome,



CONCELLO DE
SANTIAGO

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONYI07Z	Expediente CON/10/2014	Fecha 14-03-14 12:25

Sello o Certificación Mecánica



apelidos, razón social, código de identificación e domicilio de quen figure inscrito no Catastro Inmobiliario como titular dos bens inmoables individualizados.

2. O adxudicatario, sexa persoa física ou xurídica, e o persoal ao seu servizo que teña acceso ou realice calquera tratamento cos datos catastrais de carácter persoal, terá a consideración de “encargado do tratamento” e o acceso á información catastral de carácter persoal necesaria para a realización dos traballos non suporá “comunicación de datos” para os efectos do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cando se cumpra o previsto nos artigos 12.2 e 12.3 da Lei. O acceso e o tratamento dos datos por parte do adxudicatario poderase realizar ben a través de transferencia de documentación e ficheiros magnéticos nos formatos e soportes definidos pola Dirección Xeral do Catastro ou ben mediante a gravación nas Bases de Datos municipais polo persoal debidamente autorizado e de acordo coas normas de seguridade establecidas ao respecto.
3. O adxudicatario encargado do tratamento estará sometido ás seguintes obrigas con respecto aos datos de carácter persoal:
 - Actuará consonte ás instrucións do Concello de Santiago, responsable dos ficheiros.
 - Adoptará todas aquelas medidas de índole técnica e organizativa que resulten necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados.
 - Non aplicará nin utilizará os datos con fins distintos aos de realización dos traballos obxecto do contrato, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
 - Estará obrigado a gardar o segredo profesional respecto a eles, aínda despois de finalizar as súas relacións contractuais.
 - Unha vez finalizados os traballos obxecto do contrato, o adxudicatario deberá devolver ao Concello de Santiago todos os documentos ou soportes informáticos en que puidese constar algún dato de carácter persoal.
4. En caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as estipulacións establecidas no contrato, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que incorrese persoalmente, previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Cláusula 5. PRESCRICIÓN TÉCNICAS

Son as recollidas no prego de prescricións técnicas de aplicación xeral aos traballos de actualización do catastro sobre bens inmoables urbanos e construcións en solo rústico aprobadas pola Subdirección Xeral de Valoración e Inspección, así como as incorporadas ó prego de prescricións técnicas que se aprobará por este Concello simultaneamente a este prego de cláusulas administrativas, e que terá carácter contractual.

Cláusula 6. PROCEDIMENTO, CRITERIOS E FORMA DE ADXUDICACIÓN

6.1.- Procedemento para contratar

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



1.- A adxudicación realizarase por procedemento aberto, e recaerá no licitador que en conxunto faga a proposición mais vantaxosa, sen atender exclusivamente ao seu valor económico senón tendo en conta unha pluralidade de criterios, e sen prexuízo do dereito da Administración a declaralo deserto xustificándoo debidamente no expediente.

2.- A Administración poderá declarar deserta a licitación, xustificándoo no expediente, nos seguintes casos: cando non se presentaran proposicións; cando todas as proposicións presentadas resulten inadmisibles por incumprimento dos requisitos para contratar; e cando existindo unha soa oferta admitida a licitación, esta se identifique como desproporcionada ou anormal e, finalmente, o órgano de contratación, considerando o informe do servizo técnico correspondente, estime que a oferta non pode ser cumprida pola inclusión de valores anormais ou desproporcionados. Cando exista unha soa oferta admitida a licitación, esta identificarase como oferta desproporcionada ou anormal cando a proposta económica sexa inferior ao 70% do presuposto base de licitación, excluído o IVA.

6.2- Requisitos para contratar

6.2.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 60 do TRLCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 73 do TRLCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 55 TRLCSP, ou no caso de contratos suxeitos a regulación armonizada, que dito estado é signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio.

6.2.2.- Ademais dos requisitos apuntados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia, no caso da **solvencia económica e financeira**, por calquera dos medios a que se refire o art. 75 da TRLCSP, e, de acordo cos requisitos que se reseñan a continuación:

. Para o caso de empresas e persoas físicas non profesionais: informe de institución financeira no que, mencionando expresamente o obxecto e contía do contrato actual, sinala que é solvente economicamente para afrontalo. Para o caso de profesionais: seguro de indemnización por riscos profesionais que garanta unha contía equivalente á deste contrato. A vixencia do seguro deberá manterse durante, polo menos, toda a duración do contrato e, así mesmo, durante o prazo de garantía.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CONYI07Z	Expediente CON/10/2014	Fecha 14-03-14 12:25



Presentación das contas dos tres últimos exercicios e presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. No caso de licitadores non obrigados a presentar as contas nos rexistros oficiais deberán achegar os libros de contabilidade debidamente legalizados. As empresas con implantación inferior a un ano deberán presentar os libros de contabilidade. A solvencia quedará acreditada sempre e cando o seu patrimonio neto represente cando menos un 25% do importe do contrato. Precisarase o informe de auditoría cando sexa preceptivo conforme á normativa vixente.

Declaración sobre o volume global de negocios, mediante a presentación da declaración anual de operacións con terceiros, referido ós tres últimos exercicios. Entenderase acreditada a solvencia económica se a declaración de menor importe nos 3 últimos anos é superior ó dobre do prezo do contrato, ou, de tratarse de plurianuais, da anualidade máxima do mesmo.

Polo que respecta á **solvencia técnica**, por calquera dos medios previstos no artigo 76 do TRLCSP, establecéndose os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os licitadores:

- Que o contratista teña realizado traballos que inclúan a actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas, durante os últimos tres exercicios 2011, 2012 e 2013 e que teña facturado un importe mínimo de 600.000€ no conxunto dos tres anos e un importe mínimo de 150.000€ cada un deses anos. Este punto deberá acreditarse mediante certificados expedidos polo ente local ou organismo oficial competente donde conste expresamente o obxecto do contrato, a data do mesmo, o grado de satisfacción no seu cumprimento e o importe facturado.

- Un equipo mínimo de tres persoas cunha experiencia mínima de tres anos en traballos de actualización da base de datos catastral, derivados da tramitación de declaracións ou comunicación catastrais de alteracións físicas.

- Destinar aos traballos obxecto do contrato, ó menos o seguinte equipo técnico: Unha aplicación informática capaz de xestionar os formatos de intercambio; un hardware que soporte a dita aplicación. Este punto deberá de acreditarse mediante unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que sexan expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos apuntados no artigo 73.1 da LCSP.

Tales medios de acreditación poderán ser substituídos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial da Coruña ou do concello de Santiago, que o licitador achegue, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

6.2.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que participasen na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrência ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 56.1 TRLCSP)

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



6.2.4.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán realizar, de ser o caso, o bastanteo da documentación que pretendan aportar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á presentación da mesma. Os documentos acreditativos da representación serán cualificados polo Letrado do Servizo Xurídico Municipal ou funcionario que ostente a delegación para iso, consignándose expresamente a manifestación respecto de se a documentación achegada é bastante para que o representante exerza as facultades de licitar en relación co expediente concreto.

6.2.5. Polo tanto, o documento ou documentos que acrediten a capacidade de obrar e personalidade do empresario e a representación, no seu caso, do asinante da proposición, presentaranse no seu momento, na forma seguinte:

6.2.5.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar **escritura de constitución**, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exigible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As **empresas non españolas** de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.


Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán aportar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga ou, de tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, que dito Estado é signatario do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio. (art. 55 TRLCSP)

6.2.5.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá aportar documento fehaciente acreditativo da existencia da **representación** e do ámbito das súas facultades para licitar, convenientemente bastanteado. A aportación da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a aportación deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

6.2.5.1.3.- Se varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI07Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

6.2.5.2.- Nesta licitación non se esixe clasificación, polo que os licitadores deberán aportar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 6.2.2 do presente Prego

As empresas que líciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

6.2.5.3.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou **declaración responsable** do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 60 da TRLCSP. Así mesmo, presentará a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter débedas co Concello de Santiago de Compostela.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

6.2.5.4.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

6.2.5.5.- A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- Personalidade e representación a que se refire a cláusula 6.2.5.1.1 e 6.2.5.1.2 deste prego, a condición de que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, a Mesa de contratación poderá requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Certificado de clasificación (de ser exixible), a condición de que no certificado do Rexistro de Contratistas conste a clasificación referida ao obxecto do contrato, ou, no seu caso, documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

- Declaración responsable a que se refire a cláusula 6.2.5.3.

O certificado do Rexistro de Contratistas deberá ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na que o licitador manfeste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación. (art. 146.3 TRLCSP)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia

6.3- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración das ofertas que han de servir de base para a adxudicación serán os seguintes:

A. Criterios cuia cuantificación depende de xuízos de valor.

Proceso completo e integrado de execución dos traballos (metodoloxía) con desglose das tarefas, ponderarase cun máximo de 40 puntos desglosados en:

- procedemento de seguimento dos traballos de campo, 8 puntos.
- elaboración, control e seguimento dos datos gráficos, 8 puntos.
- elaboración, control e seguimento dos alfanuméricos, 8 puntos.
- procedemento de control e seguimento que garanta a correspondencia entre os datos gráficos e alfanuméricos, 8 puntos.
- proceso global de execución dos traballos, 8 puntos

B. Criterios cuia cuantificación non depende de xuízos de valor.

1. **A oferta económica mais vantaxosa.** Ponderarase cun máximo de 40 puntos. Asignaranse 40 puntos á maior baixa no prezo e de xeito proporcional a ditos puntos ás baixas inferiores.

$$\text{Puntuación} = 40 \times (\text{baixa oferta/baixa máxima})$$

Onde:


Baixa oferta: baixa da oferta que se puntúa respecto ao presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais.

Baixa máxima: baixa da oferta que propón o importe menor de todas as ofertas respecto ao presuposto base de licitación, expresada en unidades porcentuais.

A efectos do establecido no artigo 152 do TRLCSP, identificarase como oferta desproporcionada ou anormal toda proposta económica inferior ao 80% da media aritmética das ofertas económicas aceptadas na licitación, ou ao 70% do presuposto base de licitación, excluído o IVA, para o caso de existir unha soa oferta admitida na licitación.

2. **Melloras do contrato.** Ponderarase ata un máximo de 20 puntos.
 - Local en casco urbano próximo as dependencias dos servizos económicos municipais: 10 puntos.
 - Preparación en formato catastral das depuracións de enderezos tributarios e inclusión na base de datos catastral xunto coa entrega mensual: 1 puntos
 - Localización de omisións por contraste vuelos/cartografía catastro: 5 puntos.
 - Colaboración no proceso de localización de omisións por medios distintos ao contraste reflicitado no punto anterior, e preparación dos expedientes para inspección: 4 puntos.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



Se o oferente non presenta a documentación que permita valorar ou ponderar algún ou algúns dos criterios de adxudicación, ou aquela é claramente insuficiente, non se atribuirá ao licitador puntuación ao cualificar dito criterio, sempre que a falta de presentación da documentación requirida ou a insuficiencia da documentación presentada non puidera ser considerada como incumprimento das prescricións técnicas, pois neste caso tería que excluirse ao licitador.

A maior puntuación de cada un dos criterios de valoración asignarase á proposta máis favorable para a Administración, sen que aquela deba alcanzar necesariamente a máxima prevista para casos de puntuación variable.

A adxudicación do contrato recaerá no licitador que faga a proposición, globalmente considerada, máis favorable para a Administración e, en consecuencia, obteña a maior puntuación global das proposicións admitidas a licitación

6.4.- Prazo e forma de presentación das proposicións.

As proposicións presentaranse, en tres sobres pechados e/ou lacrados denominados 1, 2 e 3, no prazo de **40 días naturais** a contar desde o día de envío do anuncio ó Diario Oficial da Unión Europea. Deberanse presentar de 9 a 14 horas no rexistro xeral do Concello.

Asi mesmo a licitación anunciarase no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no perfil de contratante do órgano de contratación.

As proposicións constarán de 3 sobres pechados, identificados no seu exterior coa seguinte referencia do expediente **traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións CON/10/2014** e co nome e apelidos ou razón social da empresa licitadora, números de teléfono e de fax, e dirección de correo electrónico, de dispor deles, así como coa firma do licitador ou persoa que lle represente.

O contido de cada sobre, que deberá estar relacionado en folia independente, deberá ter os requisitos que se sinalan a continuación:

6.5.- **SOBRE Nº 1** Subtitulado: Documentación para a licitación mediante procedemento aberto, da contratación de **TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E INMOBLES RÚSTICOS CON CONSTRUCCIÓN CON/10/2014**.

Neste sobre, e de conformidade co disposto na Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización, substituirase a presentación da documentación que se relaciona no apartado 6.2.5 deste prego, por unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración (ANEXO II). Esta declaración, polo tanto, será a única documentación a incluír neste sobre no momento da presentación das ofertas.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato a posesión e validez dos documentos esixidos; sendo o momento decisivo para apreciar a concurrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



En todo caso, o órgano de contratación poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

6.6.- SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición relativa ós criterios de adxudicación A, cuxa cuantificación depende de xuízos de valor, para a licitación mediante procedemento aberto, da contratación de **TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E INMOBLES RÚSTICOS CON CONSTRUCCIÓN CON/10/2014**

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 2), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes **invalidará** automaticamente a oferta.

Os licitadores incluírán neste sobre o compromiso firme e expreso do oferente de aplicar ao proceso de execución dos traballos descrito por el mesmo en relación aos puntos a que fai referencia o apartado A dos criterios de valoración.

Neste sobre non se incluírá documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou as melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requerimento será motivo de **exclusión** da licitación.


Así mesmo, será motivo de **exclusión** da licitación, o feito de que a documentación incluída neste sobre non esté **subscrita** na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente poderá ser subsanada coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre.

6.7.- SOBRE Nº 3 Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación B cuxa cuantificación non depende de xuízos de valor e oferta económica, para a licitación mediante procedemento aberto, da contratación de **TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN DO CATASTRO SOBRE INMOBLES URBANOS E INMOBLES RÚSTICOS CON CONSTRUCCIÓN CON/10/2014**.

A documentación que se presente neste sobre deberá ser aportada, obrigatoriamente, en dous formatos: en formato papel e en soporte informático (2 unidades idénticas en CD non regrabable identificadas exteriormente co nome do licitador e a denominación SOBRE Nº 3), quedando excluídas da licitación aquelas empresas que non aporten toda a documentación en ámbolos dous tipos de soporte.

Tanto a documentación en soporte papel como a dos dous soportes informáticos terán exactamente o mesmo contido. Calquera variación ou discrepancia entre os distintos soportes **invalidará** automaticamente a oferta.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI07Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



O contido da oferta económica será redactado segundo o modelo anexo ao presente prego, sen erros ou tachaduras que dificulten coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocarán que a proposición sexa rechazada. Na proposición económica, que non deberá superar o orzamento de licitación, deberá indicarse, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido.

Os licitadores incluírán neste sobre a declaración responsable do oferente comprometéndose a realizar as melloras.

6.8.- Se algún licitador non achega a documentación relativa a algún dos criterios a que se refiren os dous últimos apartados, ou a mesma non contén todos os requisitos esixidos nos parágrafos anteriores, a proposición de devandito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

A Administración resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a súa veracidade, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito se deriven.

Os licitadores haberán de presentar as súas proposicións referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas. (art. 145.3 TRLCSP)

Os licitadores deberán incluír na súa proposición unha relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato.

6.9.- Mesa de contratación

A Mesa de contratación estará integrada por:

Presidente: A concelleira delegada de Facenda ou, no seu defecto, calquera outro membro no que, expresamente, delegue o Sr. Alcalde.

Vocais: Un representante de cada grupo municipal
O Xefe de sección de Catastro e Censos.
O Tesoureiro municipal
O Interventor municipal
O Director da Asesoría Xurídica municipal
Un representante da Dirección Provincial do Catastro.

Secretario: O Xefe de sección de contratación

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI07Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



As reunións das mesas de contratación, a efectos de axilidade, convocaranse ós seus membros a través de fax ou correo electrónico.

Cláusula 7. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL, APERTURA DE PROPOSICIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

7.1.- Concluído o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de contratación procederá á comprobación da presentación da declaración responsable presentada polos licitadores contida no **SOBRE Nº 1**, e se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o enmende.

7.2.- A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación do sobre nº 1 e realizadas as subsanacións e, no seu caso, achegadas as aclaracións ou documentos complementarios requiridos, ou transcorrido o prazo que se conferiu ao efecto, convocará apertura pública do **SOBRE Nº 2** dos licitadores admitidos contendo a documentación das proposicións relativas aos criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor.

A apertura deste **SOBRE Nº 2** terá lugar nun prazo non superior a 7 días a contar desde a apertura do **SOBRE Nº 1** e a convocatoria publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de 3 días hábiles a súa celebración.

7.3.- No prazo máximo de 20 días hábiles a contar desde a apertura deste **Sobre Nº 2** realizárase a avaliación dos criterios ós que se refire o apartado anterior, e tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que se estime oportuno, fíxase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura en acto público do **SOBRE Nº 3**, que contén a documentación correspondente aos criterios cuxa cuantificación non depende dun xuízo de valor e a oferta económica, convocando ós licitadores cunha antelación mínima de tres días hábiles a través do perfil de contratante do órgano de contratación.

7.4.- Constituída a Mesa de contratación na data sinalada, e iniciado o acto público, o presidente dará conta da ponderación acadada por cada licitador admitido nos criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

7.5- A continuación, o Secretario da Mesa procederá á apertura do **SOBRE Nº 3** dos licitadores admitidos, dando lectura ós criterios.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



Concluída a apertura das proposicións, o Presidente da Mesa invitará de novo ós licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da Mesa.

7.6.- A Mesa de contratación, tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime oportunos, elevará ao órgano de contratación a proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, que incluírá en todo caso a ponderación dos criterios indicados no presente prego, acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos. Dita proposta non crea dereito algún mentres o órgano de contratación non dite a resolución de adxudicación provisional.

Cláusula 8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN. ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

8.1. O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, e de constituír a **garantía definitiva** que sexa procedente por valor do **5%** do importe de adxudicación, excluído IVE, así como da documentación acreditativa da súa capacidade de obrar tal e como ven recollido no apartado 6.2.5 deste prego, se esta non fora solicitada anteriormente.

Reunida a mesa de contratación de novo ós efectos de cualificar esta documentación xeral presentada polo licitador proposto para adxudicación, se observase defectos materiais na documentación presentada, notificarao por fax, telegrama ou correo electrónico ao licitador correspondente, deixando constancia de dita notificación no expediente, concedéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o emende. Agora ben, se a documentación dun licitador contivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non subsanables, rexeitarase a súa oferta.

Á marxe da subsanación a que se refire o parágrafo anterior, a Mesa de contratación, a efectos de completar a acreditación da solvencia dos licitadores, poderá solicitar destes as aclaracións que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requirilos para a presentación doutros documentos complementarios, requirimento que deberá ser cumprimentado no prazo máximo de cinco días naturais.

De non cumprimentarse adecuadamente estes requirimentos no prazo sinalado, ou de non constituír a garantía definitiva no prazo de dez días inicialmente sinalados, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

8.2. A garantía definitiva poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

8.3. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- De ser o caso, último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta no mesmo, cando esta sexa recente e non xurdira aínda a obrigación de pago. O alta deberá aportarse en todo caso cando no recibo non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que lles faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non terse dado de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigacións tributarias con este último.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigacións tributarias coa Administración Autonómica Galega.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigacións tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditálo mediante declaración responsable.


- O Concello comprobará, de oficio, que o licitador proposto como adxudicatario non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela. De telas, requiriráselle para que, no mesmo prazo de 10 días hábiles que se lle conceden para o depósito da fianza definitiva e demais taxas, aboe os importes pendentes.

A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que deba terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP .

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigacións tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que están ao corrente no cumprimento das obrigacións sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI07Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



8.4. O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refiren os artigos precedentes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

A adjudicación será motivada, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Cando o único criterio a considerar para seleccionar ó adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adjudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar desde o seguinte ó de apertura das proposicións.

Cando para a adjudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adjudicación será de dous meses a contar desde a apertura das proposicións. (art. 161.2 TRLCSP)

8.5. O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días hábiles a contar desde o seguinte á data de recepción da notificación da adjudicación na forma prevista no artigo 151.4 da TRLCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e, de habelo, do das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá aportar escritura pública de constitución como tal. (art. 59 TRLCSP)

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu otorgamento.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a formalización do mesmo.

SECCIÓN 2ª.- RELACIÓNS XERAIS ENTRE A ADMINISTRACIÓN E A EMPRESA ADXUDICATARIA DO CONTRATO (no sucesivo contratista)

Cláusula 9. DIRECCIÓN DOS TRABALLOS

A dirección dos traballos corresponde ao xefe da sección de Catastro e Censos do Servizo de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago de Compostela, que será directamente responsable da comprobación, coordinación e vixilancia da correcta realización do traballo contratado.

Para o desempeño da súa función contará coa colaboración dos técnicos municipais que precise.

Son funcións do director:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY107Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



- Interpretar os pregos de prescricións técnicas.
- Appreciar a existencia dos medios e organización necesarios para a elaboración do traballo ou prestación do servizo en cada unha das súas fases.
- Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do traballo.
- Propoñer as modificacións que conveña introducir no traballo en orde a un mellor cumprimento do contrato.
- Informar sobre o número de inmoables actualizados na base de datos catastral e validar a calidade da información actualizada.
- Tramitar cantas incidencias xurdan na elaboración dos traballos técnicos.

Cláusula 10. DELEGADO DO CONTRATISTA

Enténdese por "delegado do contratista" a persoa designada expresamente por el e aceptada pola Administración que, con titulación do nivel superior na materia obxecto principal do contrato, teña capacidade suficiente para:

- Ostentar a representación da empresa cando sexa necesaria a súa actuación ou presenza, segundo os pregos de cláusulas, así como noutros actos derivados do cumprimento das obrigas contractuais, sempre en orde á execución e boa marcha do traballo.
- Organizar a execución do traballo e interpretar e pór en práctica as ordes recibidas do director dos traballos.
- Informar da situación dos traballos en calquera momento, a requerimento do director dos traballos.

Cláusula 11. OFICINA DE TRABALLO DO CONTRATISTA

Non será preciso que o contratista manteña durante a execución do contrato unha oficina de traballo situada no casco urbano de Santiago de Compostela, se ben valorarase consonte co criterio 6.3.b).

Cláusula 12. RELACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN RESPECTO AO PERSOAL DO CONTRATISTA


Cando o contratista, ou as persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do traballo ou o cumprimento do programa de execución fixado, a Administración poderá esixir a adopción de medidas concretas e eficaces para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado, sen prexuízo do disposto na TRLCSP acerca do cumprimento dos prazos e das causas de resolución do contrato.

O contratista comunicará á Administración os datos do persoal que efectuará os traballos de campo ou de consultas, aos que se dotará de credencial adecuada para facilitar o seu cumprimento, pero sen que en ningún caso a citada acreditación confirá a dito persoal o carácter de axentes da Administración.

Cláusula 13. RISCO E VENTURA

O contrato entenderase celebrado a risco e ventura do contratista, de conformidade co artigo 215 do TRLCSP.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



Cláusula 14. PROPIEDAD DOS TRABALLOS REALIZADOS

Os traballos que se realicen, en calquera das súas fases, serán propiedade da Administración e esta, en consecuencia, poderá recabar en calquera momento as entregas de parte do traballo realizado, sempre que sexa compatible co programa definitivo de elaboración e non afecte ao correcto desenvolvemento dos traballos.

Serán de aplicación a normativa sobre propiedade intelectual e os artigos 93 a 95 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e, en consecuencia, o contratista non poderá utilizar para si nin proporcionar a terceiros dato ningún dos traballos contratados nin publicar, total ou parcialmente, o seu contido sen autorización escrita da Administración. En todo caso, o contratista será responsable dos danos e perdas que se deriven do incumprimento desta obriga. Así mesmo deberá solicitar autorización para a realización de traballos de natureza análoga, que poidan ser obxecto de contrata con terceiros, de forma simultánea á execución dos traballos contratados coa Administración.

O contratista terá a obriga de proporcionar ao Concello de Santiago, para o seu uso exclusivo, todos os datos, cálculos, procesos e programas informáticos, etc., utilizados durante a elaboración do traballo e procederá á devolución da documentación que poida terlle entregado a Administración para facilitar a realización dos traballos, debendo informar do lugar no que se custodia a dita documentación durante o prazo en que permaneza na dita situación.

Cláusula 15. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E OBRIGAS DO CONTRATISTA.

Corresponden á Administración contratante as prerrogativas de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, de acordo co establecido nos artigos 210 e 211 do TRLCSP.

Corresponde ao contratista o cumprimento das seguintes obrigas:

1. Desenvolver e entregar os traballos contratados con estrita suxeición a este prego e ás instrucións dictadas polo Concello de Santiago.
2. Executar, á súa custa, as emendas dos traballos recusados por defectuosos ou incorrectos.
3. Establecer e manter á súa custa, durante a execución dos traballos e ata a finalización do prazo de garantía, os medios materiais e o equipo profesional esixido neste prego.
Esta obriga comporta a asunción polo contratista de todas as obrigas sociais, laborais e económicas derivadas dos citados medios materiais e persoais precisos
4. Indemnizar, á súa custa, os danos a terceiros que se orixinen como consecuencia da execución dos traballos.
5. Prestar á Administración, sen dereito a contraprestación ou indemnización económica suplementaria, os servizos profesionais que aquela considere necesarios para o correcto desenvolvemento e cumprimento do contrato, tales como asistencia a xuntanzas de traballo ou informativas, información ao público, etc. Esta obriga manterase ata a finalización do prazo de garantía do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY107Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



Todos os documentos que se deriven deste contrato ou do seu obxecto, dirixidos a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativas, publicidade, etc., estarán redactados en lingua galega de acordo co previsto no regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela especialmente no seu artigo 8.

Cláusula 16. APLICACIÓN DESTE PREGO

As empresas ou agrupacións de empresarios que opten á adxudicación do contrato que regula este prego, deberán formalizar a súa aceptación incondicional coa sinatura do "modelo de proposición económica" que se xunta como anexo I.

CAPÍTULO II. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS

SECCIÓN 1ª. DISPOSICIÓN XERAIS

Cláusula 17. REALIZACIÓN DOS TRABALLOS.

Os traballos realizaranse con estricta suxeición a este prego de cláusulas administrativas particulares, ao prego de prescricións técnicas, as normas e instrucións de carácter xeral, as circulares e instrucións da Dirección Xeral do Catastro, e ás instrucións emitidas polo Concello de Santiago que teñan incidencia na realización dos traballos segundo o prego de prescricións técnicas.

A resolución de incidencias xurdidas na execución dos contratos realizaranse nos termos indicados no artigo 97 do RXLCAP.

Cláusula 18. COMEZO DOS TRABALLOS

Unha vez formalizado o contrato, a data de comezo dos traballos non será superior a un mes desde a data de adxudicación, o que se fará constar mediante "acta de iniciación".

Cláusula 19. EXECUCIÓN DOS TRABALLOS


19.1. Execución dos traballos.

1.- A Sección de Catastro e Censos efectuará o día 15 de cada mes a entrega ao contratista de todos os expedientes completos presentados na Sección, ou coa investigación completada de oficio, desde a data da anterior entrega, mediante o oficio de entrega de expedientes á empresa colaboradora.

No prazo dos cinco días seguintes, o contratista deberá verificar que os expedientes están completos e, no caso de detectar algunha incidencia deberá de poñelo de manifesto a través do modelo correspondente, en caso contrario entenderase que non existen incidencias.

O contratista dará trámite aos expedientes incluídos na entrega.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



A empresa cando así o dispoña o director dos traballos realizará a comprobación de campo dos datos declarados nos modelos T22 (902N), T23 (903N) ou T24 (904N) ou investigados.

Unha vez realizadas as medicións e comprobacións de campo, pódense dar dúas situacións:

- (a) Se os datos reflectidos no proxecto e na escritura coincidan coa comprobación de campo, recollerase tal circunstancia no expediente.
- (b) Tanto se existen diferenzas entre o proxecto, a escritura e a comprobación real de campo, como se non existe o proxecto do predio, o 902N cubrirase cos datos obtidos da medición, acompañando sempre un certificado de medición asinado polo técnico responsable do traballo de campo; de igual forma, reflectirá esas superficies.

Cando non se poidan medir os predios, sinalarase esta circunstancia na carpeta do expediente. Sen embargo, sempre que sexa posible, deixarase o correspondente aviso.

En todo caso, a toma de datos de campo realizarase cubrindo o modelo de carpeta de campo que facilitará o Concello, realizando os esbozos e medicións necesarios e recolléndoo nela.

Realizaranse fotografías de todos aqueles elementos anexos que non sexan visibles desde a fotografía da fachada e que non consten nos datos declarados no proxecto ou escritura polo contribuínte ou que, de constaren, presenten diferenzas importantes.

Calquera alta con calquera tipo de incidencia que a empresa considere necesario destacar, antes da finalización do expediente, será consultada co director dos traballos.

2.- O contratista xerará o correspondente formato de intercambio gráfico e alfanumérico e a demais documentación que requira a Xerencia do Catastro ao efecto, que entregará ao Concello mediante a acta de entrega de expedientes ao Concello, antes do 15 do mes seguinte á data na que se lle entregou a documentación, xunto cos expedientes orixinais e una carpeta física de cada expediente na que se inclúe a ficha catastral da parcela catastral e os FXCC correspondentes. De se detectar algún incumprimento procederase á automática devolución do expediente para a emenda dos erros ou omisións detectados

A entrega efectuada polo contratista deberá de estar composta pola totalidade dos expedientes que lle foron entregados o día 15 anterior, salvo que exista unha incidencia plantexada polo contratista á que non se lle teña dado unha solución nos dez días seguintes á entrega, debendo neste caso o contratista proceder á devolución do expediente afectado ao Concello aos efectos de subsanar a incidencia non resolta, debendo facelo constar na acta de entrega de expedientes ao Concello.

Na entrega definitiva do traballo, a empresa incluírá un ficheiro en excell no que se recollan as referencias catastrais da totalidade de inmobles que son obxecto de alteración catastral na entrega, coas especificacións que indique o Concello.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY107Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



3.- Aqueles expedientes que puidesen orixinar algunha modificación no predio ou nos predios colindantes, tamén deberán ser tratados co fin de os corrixir na base de datos da Xerencia Territorial do Catastro. Neste caso, estarase ao que indique en cada expediente o director dos traballos.

4.- Non se considerará rematado o traballo dunha entrega ata que non estea reflectido na Sede Electrónica de Catastro e a Xerencia Territorial do Catastro remita ao Concello a DOC na que se recollan os correspondentes acordos catastrais. Neste momento, o Concello poderá realizar a liquidación definitiva da entrega á empresa.

5.- Para o caso de colaborar no proceso de detección de omisións, ademais o contratista realizará as actuacións de verificación, requirimento e atención ao interesado propias do procedemento e previas ao procedemento de inspección, todo elo de acordo coas instrucións do Director dos traballos.

19.2. Prazos.

Denomínase prazo total ao definido na cláusula 23, e denomínase prazo parcial a entrega mensual que se define no parágrafo primeiro da presente cláusula.

Cláusula 20. TRABALLOS DEFECTUOSOS OU MAL EXECUTADOS

Ata que teña lugar a recepción, o contratista responderá da correcta realización dos traballos contratados e dos defectos que neles houbese, sen que sexa eximente nin lle dea dereito ningún a circunstancia de que os representantes da Administración os examinasen ou recoñecesen durante a súa elaboración ou aceptasen en comprobacións, valoracións ou certificacións parciais.

O contratista ficará exento de responsabilidade cando os defectos no traballo sexan consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración.

Se se advertisen defectos no traballo realizado, o director poderá recusar os que considere non satisfactorios. A recusación farase sempre por escrito motivado e o contratista terá dereito a reclamar perante a Administración no prazo de dez días, contados a partir da notificación do director.

SECCIÓN 2ª. CUMPRIMENTO DOS PRAZOS

Cláusula 21. INCUMPRIMENTO DE PRAZOS

O contratista está obrigado a cumprir tanto o prazo total como os prazos parciais fixados na clausula 19. En caso de incumprimento desta obriga estarase ao disposto nos artigos 212 a 214 do TRLCSP, e artigos 98 a 100 do RXLCAP, no que non contradigan aos artigos legais citados.

Cláusula 22. PENALIZACIÓN POR INCUMPRIMENTO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY107Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25

No caso de que o contratista incumpra os prazos previstos na cláusula 19, o órgano de contratación poderá resolver o contrato con incautación da garantía constituída.

Cláusula 23. PRAZO DE EXECUCIÓN.

O prazo de execución do contrato é de **tres (3) anos**.

O contrato poderá ser prorrogado anualmente por acordo expreso do órgano de contratación por un prazo máximo de outros tres anos (ata un máximo total de seis anos) sendo tal prórroga obrigatoria para o empresario, ao amparo do disposto no art. 279 TRLCSP.

CAPÍTULO III. ORZAMENTO DE LICITACIÓN, VALORACIÓN E PAGAMENTO DOS TRABALLOS REALIZADOS

SECCIÓN 1ª. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Cláusula 24. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

1. O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, fíxase en **99.173,55 euros euros anuais**.

O IVE correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a 20.826,45 euros.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **030 93100 22706**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2014 : 80.000 euros ive incluído.

Anualidade 2015: 120.000 euros ive incluído.

Anualidade 2016 :120.000 euros ive incluído.

Anualidade 2017: 40.000 euros ive incluído.

2. Establécese un **prezo unitario máximo de 50.00 €** por cada ben inmoible urbano ou por cada inmoible rústico con construcións existentes, que se actualice na base de datos catastral como consecuencia da tramitación de omisións, de alteracións catastrais que se declaren nos correspondentes modelos T22 (902N), T23 (903N) e T24 (904N) presentados no Concello de Santiago de Compostela, e da tramitación das alteracións catastrais que se deriven das comunicacións catastrais a que fai referencia o artigo 14.c do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmoiliario.

3. A todos os efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenderán non so o prezo do contrato, senón tamén, como partida independente, o importe do IVE.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONY107Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



4. A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o **valor estimado** da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas (art. 23.2 LCSP) e sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, ascende a **595.041,30 euros**.

SECCIÓN 2ª. VALORACIÓN

Cláusula 25. FORMA DE VALORACIÓN

As valoración dos traballos efectuaranse por prezos unitarios. As valoración efectuaranse aplicando os prezos de cada unidade base do traballo ó número das mesmas executadas.

Cláusula 26. RELACIONES DE INMOBLES ACTUALIZADOS.

O contratista relacionará na acta de entrega de expedientes ao Concello o número de inmobles que se actualizarán en cada expediente catastral tramitado na entrega.

O director, no momento en que a entrega este incluída na base de datos Catastral, entendendo por tal, cando as alteracións catastrais derivadas da entrega sexan remitidas pola Xerencia do Catastro ao Concello de Santiago de Compostela a través da correspondente DOC, ou documento que a substitúa, verificará que o número de inmobles que se actualizarán en cada expediente catastral tramitado na entrega coincide co recollido na citada acta de entrega de expedientes ao Concello e emitirá o correspondente informe no que se recollerán o número de inmobles efectivamente actualizados en cada expediente catastral tramitado.

O contratista disporá de dez días para manifestar expresamente a súa conformidade ou reparos. Transcorrido o prazo sen manifestación expresa entenderase que está conforme. A partir deste momento o contratista poderá expedir a correspondente factura.

SECCIÓN 3ª. ABOAMENTOS AO CONTRATISTA

Cláusula 27 FACTURAS

As facturas emitiranse tomando como base a relación de inmobles actualizados incluídos no informe do director dos traballos a que fai referencia a cláusula 26.

Cláusula 28. REQUISITOS PARA O ABOAMENTO

O contratista ten dereito ao aboamento, de acordo cos prezos acordados, dos traballos que realmente execute con suxeición ao contrato formalizado, ás súas modificacións aprobadas e ás ordes dadas por escrito pola Administración, atendendo ás instrucións que a este respecto dicte o Concello de Santiago.

O pagamento ao contratista dos traballos realizados procederá, una vez realizada a acta de recepción, e sempre que se recibiran a totalidade dos acordos catastrais correspondentes a cada entrega.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI07Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



Non procederá o abono de cantidade algunha polos traballos realizados polo contratista para corrixir erros nos traballos previos realizados polo contratista.

CAPÍTULO IV. EXTINCIÓN DO CONTRATO

SECCIÓN 1ª. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Cláusula 29. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do contrato, ademais das previstas no artigo 223 do TRLCSP, o incumprimento das obrigas sobre incompatibilidades, e a vulneración do deber de gardar secreto sobre os datos catastrais de carácter personal dos que teñan coñecemento os encargados do tratamento con ocasión do contrato, salvo que o órgano de contratación, atendendo á natureza e circunstancias do contrato, non o estime aconsellable.

Estas causas de resolución consideraranse para todos os efectos como incumprimento do contrato por culpa do contratista.

Tamén son causas de resolución, as previstas no artigo 308 do TRLCSP que producen os efectos previstos na cláusula 35 deste prego.

Para a resolución dos contratos, darase cumprimento aos requisitos establecidos no artigo 109 do RXLCAP.

Cláusula 30. DETERMINACIÓN DE DANOS E PERDAS Á ADMINISTRACIÓN

En caso de resolución do contrato por causas imputables ao contratista, que suporá a incautación da garantía prestada, a fixación e valoración dos danos e perdas causados serán verificadas polo director e resolverá de xeito motivado o órgano de contratación, logo de dar audiencia ao contratista, tendo en conta que as penalizacións por incumprimento son independentes e acumulables aos citados danos e perdas.

Cláusula 31. DEREITOS DO CONTRATISTA NOS SUPOSTOS DE RESOLUCIÓN

De conformidade co artigo 309 do TRLCSP, nos supostos de resolución, o contratista terá dereito a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase ao abeiro do contrato e que fosen recibidos pola Administración.

No caso de desestímulo suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración, o contratista terá dereito ao 10 por cento do prezo dos estudos, informes, proxectos ou traballos pendentes de realizar en concepto de beneficio deixado de obter.

No caso de suspensión por causa imputable á Administración da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no mesmo para o seu comenzo, o contratista terá dereito a percibir unha indemnización do 5 por cento do prezo do contrato.

Cláusula 32. FALECIMENTO E INCAPACIDADE DO CONTRATISTA INDIVIDUAL

En caso de falecemento do contratista individual, o seu delegado ou os que puidesen considerarse os seus herdeiros deberán comunicar tal defunción á Administración

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



inmediatamente despois de coñecer o feito. Toda demora inxustificada, negligente ou doloso en realizar tal comunicación que cause danos ou perdas á Administración ou ao ben público, dará lugar á correspondente indemnización, así como tamén á perda do dereito a ofrecer a continuación do contrato.

Tanto no dito suposto como se a Administración coñece o óbito sen mediar aquela comunicación, citará persoalmente a quen acredítase ante ela a súa condición de herdeiro, ou por edictos noutro caso, co fin de que no prazo que se sinala, non inferior a tres meses desde a citación, poidan exercer os herdeiros o seu dereito a ofrecer a continuación da execución do estudo ou prestación do servizo, sen variar as condicións estipuladas no contrato.

A aceptación da Administración, prevista no artigo 224.3 do TRLCSP, só poderá producirse se a xuízo desta os herdeiros lle ofrecen as mesmas garantías técnicas e de toda orde que o contratista falecido.

En caso en que a Administración desbotase o ofrecemento dos herdeiros do contratista falecido, non haberá lugar a indemnización ningunha polo resto dos traballos non executados.

Cláusula 33 SUBCONTRATO

Serán de aplicación aos subcontratos as disposicións establecidas nos artigos 227 e 228 do TRLCSP, se ben no escrito no que se comunica á Administración o subcontrato a celebrar deberá de expresarse, ademais dos requisitos establecidos nos preceptos citados, as condicións técnicas do titular do subcontrato.

Cláusula 34. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS SOBRE SUBCONTRATOS.


En caso de celebración de subcontratos polo contratista con infracción das normas previstas na cláusula anterior, a Administración incoará expediente de resolución de contrato.

Cláusula 35. CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO REFERIDAS AO CASO DE UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS

Cando algunha das empresas que forman parte dunha unión temporal quede comprendida na algunha das circunstancias prevista no artigo 223 do TRLCSP a Administración estará facultada para esixir o estricto cumprimento das obrigas pendentes do contrato ás restantes empresas que formen a unión temporal ou para acordar a súa resolución. A declaración de quebra, de suspensión de pagos, de concurso de acredores ou de insolvente falido en calquera procedemento previsto no apartado b) do dito artigo, orixinará sempre a resolución do contrato. En ningún caso haberá lugar a indemnización por beneficio deixado de obter.

SECCIÓN 2ª. CONCLUSIÓN DO CONTRATO

Cláusula 36. ENTREGA TOTAL DOS TRABALLOS



CONCELLO DE
SANTIAGO

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25

Sello o Certificación Mecánica



O contratista deberá entregar a totalidade dos traballos dentro do prazo contractual, cunha periodicidade mensual, a contar desde a data de inicio do contrato.

A dita entrega realizarase na sección de Catastro e Censos do Servizo de xestión, recadación e inspección do Concello de Santiago utilizando a acta de entrega de expedientes ao Concello, que se rexistrará aos efectos oportunos.

O director realizará un primeiro exame da documentación presentada. Se non observase desconformidade coas prescricións técnicas do contrato, procederá seguidamente ao exame e comprobación detallados do traballo a que se refire a cláusula 38 deste prego.

En caso de que considerase incumplidas as prescricións técnicas do contrato, ordenará por escrito ao contratista mediante o requirimento de subsanación de erros corrixir ou completar as partes do traballo que considere necesario, facendo constar no dito escrito o prazo que para iso fixe e as observacións que xulgue oportunas e dará conta ao órgano de contratación, se é o caso, do incumprimento do prazo para os efectos procedentes.

Se existise reclamación por parte do contratista, respecto ás observacións formuladas polo director, este elevaraa, co seu informe, ao órgano da Administración que celebrou o contrato, que resolverá sobre o particular nun prazo de quince días.

Se a resolución do órgano de contratación confirmase na súa totalidade ou en parte as observacións postas de manifesto polo director dos traballos, determinarase así mesmo, o prazo no que deberán corrixirse ou emendarse as deficiencias contractuais observadas, notificándollelo todo ao contratista.

Se transcorrido o prazo fixado polo órgano de contratación, o contratista non tivera cumprido o acordado por aquel e non quedara tempo dispoñible do prazo do contrato, o contrato poderá resolverse por incumprimento do contratista, que deberá indemnizar os danos e prexuízos causadas á Administración, a non ser que esta considere oportuno concederlle un novo prazo, que será improrrogable.

Se o contratista debere indemnizar danos e prexuízos á Administración, a determinación e valoración dos mesmos levarase a cabo de acordo co previsto para o efecto na cláusula 30 deste prego.

Se o contratista non reclamase por escrito dentro dun prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito do director, entenderase que está de acordo.

A nova entrega terá lugar, en igual forma que a indicada anteriormente, dentro do prazo fixado polo director.

Cláusula 37. INFORME DO DIRECTOR SOBRE OS TRABALLOS E ENTREGAS

O director procederá ao exame e comprobación detallados do traballo para determinar se foi realizado de acordo co contrato, tanto se observase desconformidade coas súas prescricións técnicas despois do primeiro exame daqueles a que se refire a cláusula 36 deste prego, como se, en caso contrario, as súas instrucións fosen cumpridas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONY107Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25



Para realizar estas operacións o director poderá recadar do contratista a asistencia que considere necesaria.

Se, como consecuencia do exame e comprobación detallada do estudo ou servizo, o director o atopa conforme, emitirá o seu informe favorable con proposta de aceptación ao órgano competente da Administración municipal.

Cando os traballos non estean conformes, o director dará, por escrito, ao contratista, as instrucións que considere necesarias co obxecto de remediar á súa custa as faltas ou defectos observados, fixándolle o prazo para facelo, compatible co prazo total do contrato, expirado o cal e realizada nova entrega, procederá, en igual forma, a un novo exame e comprobación detallados.

Se, transcorrido o dito prazo, o contratista non cumprise, e sempre que non lle quede tempo dispoñible do prazo do contrato, resolverase con perda da fianza por non acabar os traballos dentro do prazo estipulado, a non ser que a Administración crea oportuno concederlle un novo prazo, que será improrrogable.

Se existe reclamación por parte do contratista a respecto das observacións e instrucións formuladas polo director, este elevaraaas, co seu informe, ao órgano da Administración que celebrou o contrato.

Se o contratista non reclamase, por escrito, dentro do prazo de dez días, contados a partir da recepción do escrito do director, entenderase que está conforme.

Cláusula 38. RECEPCIÓN DOS TRABALLOS

Unha vez realizada a entrega de todos os traballos na forma indicada na cláusula 36 deste prego, o director, despois do seu exame e comprobación, e unha vez recibidos os acordos catastrais correspondentes a esa entrega, formulará o seu informe do xeito previsto na cláusula 37.

Se o dito informe é favorable, procederase á recepción dentro do mes seguinte de se ter producido a entrega dos traballos, á que concorrerán o director, o funcionario que ostente a representación do órgano que celebrou o contrato, o contratista ou o seu representante autorizado e, se é o caso, o representante da Intervención .

Si se considera que o traballo reúne as condicións debidas darase por recibido, redactando para este efecto a acta correspondente.

Se os traballos non reunisen as condicións necesarias para proceder á súa recepción, dictaranse, por escrito, ao contratista as instrucións oportunas para que emende os defectos observados e cumpra as súas obrigas no prazo que para iso se fixe, que será sen sanción, non procedendo a recepción dos traballos ata que as ditas instrucións sexan cumpridas, caso no que se redactará a acta correspondente. O seu incumprimento sen motivo xustificando será causa de rescisión, con perda da fianza.

Transcorrido o prazo de garantía dun ano sen que houbese obxeccións por parte do órgano de contratación, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CONYI07Z	<i>Expediente</i> CON/10/2014	<i>Fecha</i> 14-03-14 12:25

Sello o Certificación Mecánica




Conforme
O contratista,



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONY107Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25

Sello o Certificación Mecánica



ANEXO I. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D./D^a..... maior
 de idade, veciño de
 con enderezo en
 Documento Nacional de Identidade número
 en nome propio ou en representación de
 manifesta o seguinte:

a). - Comprométese (en nome propio ou en representación de dita empresa) a tomar ao seu cargo a realización dos traballos, con estrita suxeición á normativa vixente, ao Prego de cláusulas administrativas particulares co anexo de prescricións técnicas e aos compromisos que asine e responsablemente asume na súa oferta a citada empresa, de resultar adxudicataria do contrato, polo importe total de(en letra).....euros, por cada ben inmobles urbano ou por cada inmovble rústico con construcións existentes que se actualice na base de datos catastral, co detalle e segundo o desglose que de seguido se recolle.:

- Tipo impositivo aplicable polo IVA..... por cento (%).
- 1.- Base imponible (oferta económica)..... euros.
- 2.- IVA..... euros.
- 3.- Prezo unitario total (importe del contrato)..... euros.

En a de de...20....

O LICITADOR
 (Sinatura e Selo da Empresa)

Asdo.: (Nome e apelidos do apoderado.)

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25




ANEXO II

D./D^a _____ con DNI _____ e domicilio en _____ en nome propio ou en representación da empresa _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de **Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións declara** que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP e que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (art. 146.4 TRLCSP engadido pola Lei 14/2013 de 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización).

Así mesmo **declara** que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



CONCELLO DE SANTIAGO

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONY107Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25

Sello o Certificación Mecánica



**ANEXO III
(Modelo de Aval)**

La Entidad _____ (1), con CIF nº _____, domicilio en (2) _____, código postal _____, y en su nombre _____ (3), con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

AVALA

A _____ (4), con NIF/CIF nº _____ en virtud de lo dispuesto en los artículos 95 y siguientes del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (TRLCSP), para responder de las obligaciones derivadas del expediente ____/____ (5) relativo a la contratación de _____ (6) tramitado por el Ayuntamiento de Santiago, en concepto de garantía _____ (7) por importe de _____ Euros (_____).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento de Contratación Administrativa. Este aval se otorga solidariamente respecto del obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento realizado por el órgano competente del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, bien por sí o a través de la Caja General de Depósitos, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente Aval estará en vigor hasta que el órgano de contratación del Ayuntamiento de Santiago de Compostela o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en el TRLCSP y legislación complementaria.

En _____ a _____ de _____ de _____

Fdo. _____

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DE _____ (8)

Provincia Fecha Número o código

- (1) Nombre o razón social de la entidad avalista. (2) Domicilio de la entidad avalista. (3) Nombre y apellidos del Interventor de la entidad avalista.
- (4) Nombre y apellidos o razón social de la empresa avalada. (5) Nº del expediente. (6) Objeto del contrato. (7) Garantía Provisional/Definitiva. (8) Cítese la Administración que bastatea el poder.

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento	Expediente	Fecha
CONYI07Z	CON/10/2014	14-03-14 12:25



INFORME DO DEPARTAMENTO DE CONTRATACIÓN

Visto o expediente denominado "Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións", quen subscribe informa que, de acordo co previsto no artigo 10 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante TRLCSP), nos atopamos ante un suposto de contrato de servizos, de carácter administrativo segundo o disposto no artigo 19.1.a) da TRLCSP, e en consideración á súa contía tratase dun contrato suxeito a regulación armonizada (art. 16.1.b) TRLCSP) e tramitarse por procedemento aberto, regulado nos artigos 157 a 161, seguindo os requisitos relativos á publicidade da licitación que establece o artigo 142 da TRLCSP.

En canto ás normas específicas que regulan o contrato de servizos, estarase ó disposto nos artigos 301 a 312 da TRLCSP.

O contido do prego de cláusulas administrativas particulares axústase ao establecido na TRLCSP na medida na que se define o obxecto do contrato e a súa codificación na nomenclatura CPV, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato e réxime xurídico deste, os criterios de adxudicación coa súa correspondente ponderación, a duración concreta do mesmo e a existencia de crédito orzamentario con cargo ó que se aboará o prezo que aparece expresado claramente con individualización separada do importe do IVE.

Analizado, pois, o prego de cláusulas administrativas particulares, infórmase que cumpre coa totalidade dos requisitos esixidos pola TRLCSP e a súa normativa de desenvolvemento, en atención ó procedemento de adxudicación do contrato.

O expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 109 da TRLCSP polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dictarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2014.



Conforme o Director da Asesoría Xurídica,

*Informe que se envía subscrito
el firmado con fecha 27.04.14 por la Intervención
de Intervención Monte Meijide Narúa
"el conhome" del Intervente Jovad
Vicente Calvo del Castillo*

Asdo.: Juan Manuel Salguero del Valle

105-14



